

Orde do 29 de marzo de 2001 pola que se regula a autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios.

Última versión

Modificacións

- Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro.
Derogado por disposición derogatoria única.

Inclúe a corrección de erros publicada no DOG núm 98, do 23 de maio de 2001

O Decreto 77/2001, do 29 de marzo, sobre centros, servicios e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros aspectos, relaciona os centros, servicios e establecementos que se consideran sanitarios e polo tanto se encontran incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e, así mesmo, determina unha serie de obrigas ás que están suxeitos estes.

Trala derogación da Orde do 7 de novembro de 1984, pola que se regula o procedemento para solicita-la autorización dos centros, servicios e establecementos sanitarios, é necesario desenvolver unha norma que regule o procedemento de autorización daqueles centros, servicios e establecementos sanitarios que non teñan un específico, establecendo os datos documentais dos expedientes correspondentes que permitan coñecer as súas características, os trámites administrativos e a competencia para a súa resolución, coa finalidade de mellora-la calidade da atención sanitaria ofertada ós usuarios, respectando o principio de liberdade de empresa.

En consecuencia, tendo en conta o artigo 3, parágrafo 4, do Decreto 77/2001, do 29 de marzo, sobre centros, servicios e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, que determina a competencia da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais para regula-lo procedemento de autorización destes, e en uso das facultades que me confiren os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto regula-lo procedemento de autorización dos centros, servicios e establecementos sanitarios.



Artigo 2º.-Solicitud de autorización previa de creación ou modificación.

A solicitud para obte-la autorización previa de creación dun centro, servicio ou establecemento sanitario ou da súa modificación substancial será presentada na correspondente delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servicos Sociais, ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 26 de novembro, e será suscrita pola persoa física ou xurídica titular, ou o seu representante legal. Así mesmo, esta axustarase ó modelo que figura no anexo I, ó que se lle xuntará, se é o caso, a seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI) e, se é o caso, da representación que teña.
- b) Cando o solicitante se constituía como persoa xurídica, CIF, copia compulsada da dita constitución e certificación de súa inscrición no rexistro mercantil, se é o caso.
- c) Documento acreditativo da propiedade ou dispoñibilidade do espacio inmovible.
- d) Nome comercial do centro, servicio ou establecemento sanitario e domicilio para o efecto de notificacións.
- e) Memoria da natureza do centro, servicio e establecemento sanitario na que conste, polo menos:
 - Oferta de servicos sanitarios que pretenden ser autorizados en función da titulación e especialidade recoñecida dos profesionais,
 - Réxime de asistencia,
 - Previsión de cadro de persoal especificando as titulacións e especialidades sanitarias recoñecidas oficialmente,
 - Plan de equipamento.
- f) Planos a escala de conxunto e detalle que permitan coñece-la perfecta localización, identificación, destino e tamaño das dependencias do centro, servicio e establecemento sanitario e das súas diferentes áreas, así como a localización do equipamento máis sobresaínte.
- g) Aqueloutra que, tanto por parte do interesado como da administración sanitaria, se considere necesaria para aclara-lo expediente de autorización.
- h) Xustificante de ter aboado a taxa correspondente.

Artigo 3º.-Tramitación e resolución da autorización previa de creación ou modificación.



Recibida a solicitude xunto coa correspondente documentación, os servizos correspondentes da delegación provincial comprobarán a adecuación do centro, servizo ou establecemento sanitario ó disposto nesta norma e a aqueloutra que sexa de aplicación e realizarán informe proposta ó delegado provincial, o cal, tendo en conta o obxecto de autorización e a titulación e especialidade recoñecida do persoal sanitario, resolverá ó respecto, remitindo copia da resolución á Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Artigo 4º.-Solicitude de autorización de funcionamento.

1. Rematada a instalación do centro, servizo ou establecemento sanitario e antes de iniciar a actividade sanitaria, o interesado procederá a solicitar na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 26 de novembro, a correspondente autorización de funcionamento segundo o modelo que se indica no anexo I xuntando a seguinte documentación:

- a) Identificación do director e documentación acreditativa da súa conformidade.
- b) Cadro de persoal e, no caso de persoal sanitario, xustificación documental da titulación e especialidade correspondente que o habilite para levar a cabo as actividades sanitarias.
- c) Documentación acreditativa das autorizacións e requisitos que precisen as instalacións ou equipamento conforme a súa normativa de aplicación.
- d) Aqueloutra que, tanto por parte do interesado como da administración sanitaria, se considere necesaria para aclaralo expediente de autorización.
- e) Xustificante de ter aboado a taxa correspondente.

2. Cando a autorización corresponda a un centro, servizo ou establecemento sanitario en funcionamento, poderase tramitar a súa autorización xuntando, ademais da documentación sinalada no punto 1 deste artigo, a documentación esixida para a tramitación da autorización previa de creación e a xustificación de ter aboado a taxa correspondente.

3. Completada a documentación pertinente, será remitido todo o expediente orixinal, no que se incluíra tanto a documentación de autorización de funcionamento como de autorización previa de creación ou modificación, á Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde para que se proceda á visita de inspección.

Artigo 5º.-Tramitación e resolución da autorización de funcionamento.

1. Unha vez que se proceda a comprobalo cumprimento das condicións e requisitos esixidos nesta disposición e naquelas outras que sexan de aplicación e, realizada a visita de inspección, da que se redactará acta, a Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde remitirá o expediente e o informe proposta á Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria, sendo o secretario xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais quen resolva ó respecto.



2. Se na visita de inspección se observaran deficiencias, poderáselle conceder ó interesado un prazo para a súa emenda. Transcorrido o dito prazo sen que fosen corrixidas, o secretario xeral dictará resolución ó respecto.

3. A Consellería de Sanidade e Servicios Sociais procederá á inclusión no rexistro de centros, servicios e establecementos sanitarios a todos aqueles ós que se conceda a autorización de funcionamento.

Artigo 6º.-Supostos especiais de tramitación e/ou resolución.

1. As consultas dunha soa modalidade de profesionais sanitarios que non dispoñan de equipamento de alta tecnoloxía nin de equipamentos emisores de radiacións ionizantes, excepto os de diagnóstico dental e intraoral, serán tramitadas e inspeccionadas por persoal sanitario da delegación provincial correspondente, que remitirá o expediente e o informe proposta á Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria, sendo o secretario xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais quen resolva ó respecto.

2. No caso da instalación de servicios sanitarios con ocasión de espectáculos públicos ou programas sanitarios temporais, con alomenos un mes de antelación ó inicio das súas actividades, deberán solicita-la autorización xuntando a documentación relacionada nos artigos 2º e 4º que, en cada caso, sexa de aplicación. Corresponderalle ó delegado provincial resolver ó respecto excepto, cando se trate de actuacións que afecten a máis dunha provincia, caso no que resolverá o secretario xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. O prazo máximo para resolver será de 20 días, entendéndose concedida a autorización temporal se non se dictase resolución expresa.

Artigo 7º.-Comunicación de peche.

O peche dun centro, servicio ou establecemento sanitario deberá ser comunicado coa anterioridade suficiente para que, en virtude da súa tipoloxía, e no marco da lexislación aplicable, se poidan establecer réximes temporais e excepcionais de funcionamento cando a protección da saúde e a seguridade da poboación o requiran.

Artigo 8º.-Comunicación de modificacións.

1. Os cambios efectuados na titularidade, denominación ou director dun centro, servicio ou establecemento sanitario serán comunicados no prazo máximo dun mes, xuntando os documentos acreditativos ó respecto.

2. O disposto no número anterior tamén é de aplicación ás modificacións non substanciais e cambio do persoal sanitario.

Artigo 9º.-Traslado.

O traslado dun centro, servicio ou establecemento sanitario deberá segui-los mesmos trámites que a creación dun novo. A súa autorización de funcionamento implica o peche da anterior localización.



Artigo 10º.-Vixencia e renovación.

A autorización de funcionamento e a conseguinte inscrición no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios deberá ser obxecto de renovación cada oito anos, salvo que a normativa específica exclúa ou estableza outro período de vixencia. Para tal efecto, o interesado deberá solicita-la conseguinte renovación segundo o modelo que se indica no anexo II, cunha antelación mínima de tres meses á data límite da súa vixencia. De non solicitarse oportunamente a renovación, entenderase que o centro, servizo ou establecemento cesou na súa actividade, polo que se procederá á súa baixa do citado rexistro.

Artigo 11º.-Caducidade da autorización previa de creación.

A autorización previa de creación ou modificación substancial entenderase caducada se, transcorridos seis meses desde a data da súa concesión, non fose solicitada a autorización de funcionamento. Non obstante, cando existan causas motivadas que impidan a instalación neste prazo, logo de solicitude do interesado e presentación da documentación que o xustifique, poderá continuar vixente a autorización.

Artigo 12º.-Revogación da autorización de funcionamento.

A autorización de funcionamento entenderase revogada se no prazo de tres meses, computados desde a notificación da citada autorización, non se iniciase a actividade ou permanecese interrompida máis de seis meses unha vez iniciada. Tamén se entenderá revogada se se procede ó peche do centro, servizo ou establecemento sanitario, se alterasen substancialmente as condicións orixinarias que serviron de base para o seu outorgamento, se trasladasen as súas instalacións a outro lugar da mesma ou distinta localidade ou non se solicitase a correspondente renovación.

Artigo 13º.-Prazo de resolución.

O prazo máximo para resolve-las solicitudes será de seis meses. Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa entenderase denegada a autorización.

Artigo 14º.-Recursos administrativos.

Contra as resolucións que, de acordo coa presente orde, dicte o secretario xeral ou os delegados provinciais, poderase interpoñer recurso en alzada ante o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Disposicións adicionais

Primeira.-

Con independencia do disposto nesta orde, será de aplicación a normativa específica que regula o procedemento de autorización de oficinas de farmacia, centros de recoñecemento de aptitude para a obtención e renovación de permisos de armas e conducir, centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos mentais crónicos, establecementos balnearios, establecementos de óptica, establecementos de ortopedia, laboratorios clínicos, bancos de tecidos e centros de obtención e implante de tecidos.

Segunda.-

As delegacións provinciais darán conta á Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais das autorizacións de funcionamento outorgadas e demais datos necesarios para actualiza-los datos do rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios.

Terceira.-

Na autorización e renovación dos centros sanitarios públicos poderá dispensarse a presentación dos documentos que consten nos arquivos e rexistros da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Disposicións transitorias

Primeira.-

Os centros, servizos e establecementos sanitarios que á entrada en vigor da presente orde contén con autorización de funcionamento desde hai máis de oito anos, dispoñerán dun prazo dun ano para solicita-la súa renovación. Transcorrido o citado prazo sen que sexa solicitada a renovación, entenderase que o centro, servizo ou establecemento cesou na súa actividade, polo que se procederá á súa baixa do rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios.

Segunda.-

Os centros, servizos e establecementos sanitarios que á entrada en vigor da presente orde contén con autorización de funcionamento desde hai menos de oito anos, deberán solicita-la súa renovación cunha antelación mínima de tres meses á data de cumprimento dos oito anos desde a data de autorización. Transcorrido o citado prazo sen que sexa solicitada a renovación, entenderase que o centro, servizo ou establecemento cesou na súa actividade, polo que se procederá á súa baixa do rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios.

Terceira.-

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde tramitaranse de conformidade co procedemento de aplicación que estea establecido.



Disposicións derradeiras

Primeira.-

A Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais poderá dispoñer que tipoloxías de centros, servicios e establecementos sanitarios serán tramitados de conformidade co establecido no artigo 6.º desta orde.

Segunda.-

A presente orde entrará en vigor ó mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2001.

José Mª Hernández Cochón

Conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais

ANEXO I

[Documento: ord_CSSERS---_2903A_2001_20010329]

Corrección de erros. Conforme a corrección de erros publicada no DOG núm 98, do 23 de maio de 2001, substitúese o modelo de solicitude de autorización previa de centros, servicios e establecementos sanitarios, con código SA101A polo novo modelo que figura co código SA101J, como se mostra na corrección de erros incluída a continuación

ANEXO II

[Documento: ord_CSSERS---_2903A_2001_20010329]

Corrección de erros. Conforme a corrección de erros publicada no DOG núm 98, do 23 de maio de 2001, substitúese o modelo de solicitude de renovación da autorización de funcionamento de centros, servicios e establecementos sanitarios, con código SA101C polo novo modelo que figura co código SA101K, como se mostra na corrección de erros incluída a continuación.

ANEXO III

[Documento: ord_CSSERS---_2903A_2001_20010329]

Corrección de erros. Conforme a corrección de erros publicada no DOG núm 98, do 23 de maio de 2001, suprímese o anexo III na súa totalidade.



